



**Ilmo Concello de
CAMBADOS**
(Pontevedra)

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DAS LICENCIAS URBANÍSTICAS ESIXIDAS POLA LEXISLACIÓN DO SOLO E ORDENACIÓN URBANA.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.- O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa por licencias urbanísticas, que rexerese pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á conesión ou denegación das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades de control nos supostos nos que a esixencia da licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.- 1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou poseedores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2.- En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras.

Artigo 4º.- Responsables.- Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Base imponible.- Constitúe a base imponible da Taxa:

a) O custe real e efectivo da obra , cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.

b) O custe real e efectivo da edificación, cando se trate da primeira utilización de edificios e vivendas.

c) O valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construcións.

d) A superficie dos carteis de propaganda colocados en forma visible dende a vía pública.

Para os apartados a) e b) non formarán parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de reximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso coa construción instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

Artigo 6º.- Cota tributaria.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFA

CONCEPTO	IMPORTE
En tódolos casos contemplados no artigo 5 da Ordenanza (excepto no suposto b), aplicaranse sobre dita base imponible (Ptº do Proxecto o calculado polo Técnico Mpal)	1% S/Ptº
No suposto b) do artigo 5 (cando se trate da primeira ocupación dos edificios)	0,5% S/Ptº
Nos supostos de concesión de prórroga	0,5% S/Ptº
Para obras cun orzamento inferior a 670 €, establécese un mínimo de	6,90 €

Artigo 7º.- Exencións e Bonificacións.- Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 8º.- Devengo- .

- 1.- A taxa devéngase e nace a obriga de contribuír, no momento de presentación da oportuna solicitude de licenza urbanística **ou coa presentación de declaración responsable ou comunicación previa**, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
- 2.- Cando as obras se iniciaran ou executaran sen ter obtido a oportuna licenza, **nin presentar no seu caso, declaración responsable ou comunicación previa, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal de inspección, verificación e/ou informe**, con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.
- 3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.
- 4.- No caso de denegarse a licenza solicitada por causas non imputables ó suxeito pasivo, procederase á devolución do importe autoliquidado, seguíndose o trámite de devolución de ingresos indebidos.

Artigo 9.º- Xestión.-

- 1.- As persoas interesadas na obtención da licenza de obras presentarán no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, achegando o proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que conste o importe estimado da obra, medicións e destino do edificio. Cando se trate de licenza para aqueles actos en que non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, á solicitude chegaráselle un presuposto das obras a realizar, con descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto nos que os seus datos permitan comprobar o custe daqueles.

Nos supostos de declaración responsable ou comunicación previa acompañarase da documentación esixible en aplicación da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos



**Ilmo Concello de
CAMBADOS**
(Pontevedra)

de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable e comunicación previa e demais normativa aplicable.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, no modelo expresamente aprobado pola Alcaldía. O obrigado tributario deberá efectuar o ingreso correspondente no momento de presentala solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa para que esta sexa admitida a trámite.

A base imponible provisional determinarase en función de: a) O orzamento presentado polos interesados sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente, cando isto constituía un requisito preceptivo. b) No caso de que non sexa necesario presentar proxecto visado ou se este resultase manifestamente infravalorado ó xuízo dos técnicos municipais, aplicaranse os índices ou módulos que a presente Ordenanza establece ó efecto, no Anexo da mesma.

2. No caso de que se modifique o proxecto de construción, instalación ou obra e houbese incremento do valor segundo o orzamento de execución material, ou segundo o de módulos, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria con suxeición ós prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

Artigo 10º.- Liquidación definitiva.-

1.- A Administración municipal poderá comprobar o custe real e efectivo, unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e, á vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a contía que corresponda.

2.- No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licenza, sobre a base imponible que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre Bens Inmóbiles non teña este carácter.

3.- As liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 11.- Infraccións e sancións.- En todo relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA: Para facer constar que, na presente Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana, modificáronse os artigos que figuran



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

sombreados de amarelo, publicándose o articulado modificado,
no BOP. Nº 31, do 13 de febreiro de 2013. Cambados, 19 de
marzo de 2013.